



Guía Docente

Datos Identificativos					
Asignatura (*)			CÁLCULO	Código	730G04001
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Matemáticas				
Coordinación	Baamonde Seoane, María de los Ángeles	Correo electrónico	maria.baamonde1@udc.es		
Profesorado	Baamonde Seoane, María de los Ángeles García Rábade, Héctor	Correo electrónico	maria.baamonde1@udc.es hector.grabade@udc.es		
Web	campusvirtual.udc.es/moodle				
Descrición xeral	Nesta materia estudarase fundamentalmente cálculo diferencial e integral para funcións de varias variables. Para iso será necesario antes introducir certos conceptos topolóxicos e comprender as funcións de varias variables a través do seu dominio e conxuntos de nivel. O cálculo diferencial permitirá abordar conceptos como o plano tanxente e as series de Taylor, ademais de empregarse para o cálculo de extremos. O cálculo integral introducirase repasando a integración de funcións de unha variable para logo xeneralizar os conceptos relacionados a funcións e varias variables.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A1	B1	C1
Ter aptitude para os coñecementos sobre cálculo diferencial e integral.		B1 B2 B3 B5 B7	C1 C4 C5
Ser capaz de resolver problemas matemáticos que poidan aplicarse na enxeñería. Ter aptitude para os coñecementos sobre xeometría e xeometría diferencial.	A1	B1 B2 B3 B5 B7	C1 C4 C5

Contidos

Temas	Subtemas
Topoloxía en R^n	Produto escalar, norma e distancia. Clasificación de puntos e conxuntos. Topoloxía en R : conxunto acotado, supremo, ínfimo, máximo e mínimo. Coordenadas polares, cilíndricas e esféricas.
Funcións de varias variables	Funcións escalares e vectoriais. Conxuntos de nivel. Continuidade. Continuidade en compactos.



Diferenciación de funcións de varias variables e aplicacións	<p>Derivada direccional.</p> <p>Derivadas parciais: propiedades e cálculo práctico.</p> <p>Diferencial dunha función.</p> <p>Relación entre diferencial e derivadas parciais.</p> <p>Vector gradiente, relación coas derivadas direccionais.</p> <p>Matriz Jacobiana.</p> <p>Derivadas parciais de orde superior.</p> <p>Introdución ó cálculo vectorial.</p> <p>Teorema de Taylor para funcións escalares.</p> <p>Puntos críticos, clasificación.</p> <p>Matriz Hessiana.</p> <p>Extremos condicionados: redución da dimensión, método dos multiplicadores de Lagrange.</p> <p>Teorema da función implícita e Teorema da función inversa.</p>
Integración de funcións reais de unha e varias variables	<p>Sumas de Riemann.</p> <p>Funcións integrables. Teoremas do cálculo integral: Teorema do Valor Medio, Teorema Fundamental e Regra de Barrow.</p> <p>Cálculo de primitivas.</p> <p>Interpolación polinómica.</p> <p>Integración numérica: método de Simpson.</p> <p>Cálculo de volumes.</p> <p>Integrales dobres.</p> <p>Integrales triples.</p> <p>Cambio de variables nas integrais dobres e triples.</p> <p>Aplicacións das integrais: cálculo de áreas e volumes.</p>
Números complexos	<p>O corpo dos números complexos.</p> <p>Operacións: suma, produto.</p> <p>Módulo e argumento.</p> <p>Forma exponencial.</p> <p>Operacións en forma exponencial.</p>

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 B1 B2 B3 B5 B7 C1 C4 C5	30	45	75
Solución de problemas	A1 B1 B2 B3 B5 B7 C1 C4 C5	26	39	65
Proba mixta	A1 B1 B2 B3 B5 B7 C1 C4 C5	6	0	6
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Solución de problemas	Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta e exercicios aplicados da materia, a partir dos coñecementos que se traballaron.



Proba mixta	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, etc.
-------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	<p>Os contidos da materia así como as distintas metodoloxías empregadas requiren que o alumno traballe tamén autónomamente. Isto pode provocar que lle xordan dúbidas personalizadas que poderá resolver preguntando ó profesorado. Ademais, as prácticas serán guiadas polo profesorado que imparte a materia.</p> <p>O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia fará uso das titorías como referente para o seguimento da materia e o traballo autónomo.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Solución de problemas	A1 B1 B2 B3 B5 B7 C1 C4 C5	Serán propostas dúas probas (traballos tutelados) con exercicios representativos dos bloques temáticos (máximo de 5 puntos cada unha). Ademais, realizarase unha proba específica que suporá a restante cualificación (máximo de 10 puntos). As notas destas probas conservaranse ata a segunda oportunidade, isto é, non serán recuperables.	20
Proba mixta	A1 B1 B2 B3 B5 B7 C1 C4 C5	<p>Probas escritas que son utilizadas para a avaliación da aprendizaxe.</p> <p>As probas constarán de dúas partes e a nota final será a suma das notas obtidas en cada unha de elas.</p> <p>1) A avaliación da primeira parte realizarase no periodo de docencia mediante un exame parcial e farase, previsiblemente, en base ós contidos dos temas 1, 2, e 3. Esta parte será eliminatoria (no caso de superala, a nota gardarase para o presente curso ata a 2ª oportunidade) e recuperable.</p> <p>2) A segunda parte realizarase no periodo usual de exames finais en xaneiro, xunto cunha recuperación para aqueles que non aprobaran a primeira parte no parcial.</p> <p>No caso de aprobar algunha das dúas partes, ben sexa no parcial ou no exame final de xaneiro, o aprobado conservarase para o presente curso, ata a celebración do exame de 2ª oportunidade.</p> <p>Para superar a materia é necesario obter como mínimo un 35% da cualificación máxima en cada unha das partes.</p>	80

Observacións avaliación



O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia ás clases será avaliado nas mesmas condicións que o resto do alumnado, tal e como se explicou anteriormente.

A

avaliación na convocatoria adiantada de decembro farase exclusivamente a través dunha proba mixta.

A

avaliación na 2ª oportunidade farase seguindo os mesmos criterios que na 1ª oportunidade.

Todos os aspectos normativos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Salas, L., Hille, E., Etgen, G. (2003). Calculus. vol I-II. Madrid. Reverté - García, A. et al. (2007). Cálculo II. Teoría y Problemas de Análisis Matemático en Varias Variables. Madrid. Clagsa - García Castro, F., Gutiérrez Gómez, A. (1990-1992). Cálculo Infinitesimal. I-1,2. Pirámide. Madrid - Marsden, J., Tromba, A. (2010). Cálculo vectorial. ADDISON WESLEY - Spiegel, M. R. (1991). Cálculo Superior. Madrid. McGraw-Hill - Varios (1990). Problemas de Cálculo Infinitesimal. Madrid. R.A.E.C. - De Diego, B. (1991). Ejercicios de Análisis: Cálculo diferencial e intergral (primer curso de escuelas técnicas superiores y facultades de ciencias). Madrid. Deimos - Tébar Flores, E. (1977). Cálculo Infinitesimal. I-II. Madrid. Tébar Flores - García, A. et al. (2007). Cálculo I. Teoría y Problemas de Análisis Matemático en Una Variable. Madrid. Clagsa - Larson, R., Hostetler, R., Edwards, B. (2013). Calculus. . Brooks Cole - Coquillat, F (1997). Cálculo Integral. Madrid. Tebar Flores - Soler, M., Bronte, R., Marchante, L. (1992). Cálculo infinitesimal e integral. Madrid - Burgos Román, Juan de (2007). Cálculo infinitesimal de una variable. Madrid. McGraw-Hill
Bibliografía complementaria	<p>As seguintes páxinas web poden resultar de interese para o estudio da materia: www.intmath.com www.ies.co.jp/math/java/ http://demonstrations.wolfram.com/http://dm.udc.es/elearning/ www.intmath.com www.ies.co.jp/math/java/ http://193.146.36.49/mat1</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

ÁLXEBRA/730G03006

ESTADÍSTICA/730G03008

ECUACIÓN DIFERENCIAIS/730G03011

Observacións



Para contribuír a acadar unha veciñanza saudábel e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudábel e sustentábel ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol", a entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia: Solicitaranse en formato virtual e/ou soporte informático, sen necesidade de imprimilos. ? En caso de ser necesario realízalos en papel, dentro do posible. Non se utilizarán plásticos. Realizaranse impresións a dobre cara. Utilizarase papel reciclado.

 En xeral, farase un uso sostible dos recursos e evítanse na medida do posible impactos negativos sobre o medio natural. Ademais, terase en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías